



POSTOS DE ORDENADORES

Na Biblioteca hai dous postos de ordenadores que podes usar para:

- consultar o catálogo da Biblioteca
- facer os teus traballos
- consultar CD-ROM
- navegar por Internet
- etc

Lembra que non podes usar estes PC's para:

- chatear
- xogar
- consultar o teu correo

BUZÓN DE SUXESTIÓNS



A túa opinión é a que máis conta.
Gustaríanos saber que pensas:

- os libros que che gustaría que houbera na biblioteca
- as películas que queres ver
- as revistas que les
- as actividades nas que che gustaría participar




Fai que a biblioteca sexa cada vez máis útil e máis túa!!

Biblioteca de Secundaria C.P.I. do Feal



Un espazo para ti...



Coñeces a túa biblioteca?

Cando abrimos?

Que temos?

*Onde e como podes atopar
información?*

Achégate sen medo!

Visítanos en:


centros.edu.xunta.es/cpidofeal
(pincha en Biblioteca)

Horarios

Xa sabes que a Biblioteca está aberta todos os **recreos** e os **mércores pola tarde** para os usuarios que non teñan actividades lectivas. Ademais, podedes facer uso dela cando o profesorado vos leve dentro do horario lectivo.

Normas de uso

- A Biblioteca é un lugar de lectura e estudo, polo cal é importante que todos/as gardemos silencio e respectemos aos demais usuarios.
- Na Biblioteca pódense consultar libros, revistas, utilizar os postos de ordenadores e tamén facer préstamos de libros, filmes e CD-Rom.
- Lembra que debes deixar o mobiliario colocado no seu sitio. Para consultar libros, temos unhas fichas de cores que podes utilizar para sinalar o sitio do libro e logo atopar máis facilmente onde volvelo.
- Os préstamos e devolucións fanse en horario de recreo e os mércores pola tarde.



Onde atopo o que necesito?

Os libros están organizados segundo a Clasificación Decimal Universal (CDU) e logo alfabeticamente segundo o apelido do autor. Cada libro ten unha etiqueta que leva un número, e cada número indica a materia da que trata o libro. Así, por exemplo, se precisamos un libro de Bioloxía, hai que buscalo na estantería do número 5, de Literatura no número 8, etc.

Logo, a etiqueta leva tres letras en maiúscula, que se refiren ao primeiro apelido do autor.

E por último, outras tres letras minúsculas que se refiren ao título do libro (sen contar os artigos).

Por exemplo, se queremos buscar *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor, miraremos na estantería de Literatura Galega e novela:

823-G

E logo polo apelido do autor:

BLA

E finalmente, polo título (sen contar os artigos):

esm

Este libro levaría no lombo unha etiqueta que pon:

823-G
BLA
esm

0 Dicionarios. Enciclopedias

01 Catálogos
03 Dicionarios. Enciclopedias A-Z. Enciclopedias temáticas

1 Filosofía. Psicoloxía

2 Relixións. Mitoloxía

26 Cristianismo
29 Mitoloxía. Outras relixións

3 Ciencias Sociais. Educación

32 Política
33 Economía
37 Educación
39 Etnografía. Folclore. Usos e costumes. Vida social

5 Ciencias Puras e Naturais

504 Ciencias do Medio Ambiente
51 Matemáticas
52 Astronomía
53 Física
54 Química
55 Xeoloxía
56 Paleontoloxía
57 Bioloxía
58 Botánica
59 Zooloxía

6 Ciencias Aplicadas. Tecnoloxía

61 Medicina
62 Tecnoloxía
63 Agricultura

64 Economía doméstica
67 Industria. Comercio. Oficios diversos

7 Arte. Música. Deportes

72 Arquitectura
74 Debuxo
75 Pintura
77 Cinematografía
78 Música
79 Deportes/Xogos

8 Lingüística e Literatura

81 Lingüística e Teoría Literaria
82F Lit. en Francés
82I Lit. en Inglés
82G Lit. en Galego
821-G Poesía
822-G Teatro
823-G Novela. Contos. Lendas
829-G Cómico. Outros xéneros
82C Lit. en Castelán
821-C Poesía
822-C Teatro
823-C Novela. Contos. Lendas
829-C Cómico. Outros xéneros

9 Xeografía. Biografía. Historia

91 Xeografía
929 Biografía
94 Historia
944-E Historia de España
944-G Historia de Galicia